

# Coplas dos Maíos 2010

## 1º Ciclo

Escoita Maio  
as nosas copliñas  
con elas queremos  
darche a benvida.

Maio, maíño  
Que pare de chover,  
que con tanta auga  
imos encoller.

Maio, maíño  
non me gusta o inglés,  
xa estou fartiña  
de tanto yes yes.

O Manolo e a Puri  
Fannos traballar  
Xa sabemos tanto  
Que nos graduarán.

Ai profe Manolo  
Non Apertes tanto  
Xa sabemos moito  
tómate un descanso.

Ai papá e mamá  
Non me mimes tanto,  
So falta que poñas:  
FRÁXIL, COIDADO.

Maio, maíño  
Trala gripe A  
Para o vindeiro ano  
que peste virá.

O Madrid ó Barsa  
Xa vai a pillar  
Vai gañar a liga  
Ai que ben lle está.!

Iso credes vós  
os da peña merengue  
pero xa veremos:  
Canaleta ou Cibeles?

Xa por este ano  
imos rematar  
senón sería cousa  
de nunca acabar



## 2º Ciclo

Tempo de Maíos,  
Tempo de amor  
Vaise o frío  
E veno calor.

No patio do colexo,  
Lucía rompeu un brazo  
Óxala cure pronto  
O cúbito e o radio.

No día do Libro  
Repartiron agasallos  
Estela e mais Alba  
Na lectura triunfaron

David chegou novo  
Mira que é relisto  
Pero no comedor  
Nin brócoli, nin chourizo.

Tamén veu Yarista  
Chegou dende Granada  
Ao principio non falaba  
E agora xa se pasa.

O equipo dos pequenos  
Onde foron arrasaron  
Non perderon un partido  
E a copa gañaron.

A hora de durmir  
Foio tema do Entroido  
Tuneamos os pixamas  
E bailamos moito.

Fomos ao Concello  
A falar da Democracia  
Algún quedou no cole  
Non lle fixo moita gracia

Tres delegacións  
Falaron co alcalde  
As nosas peticións  
Non hai quen as arranxe

O señor Amancio  
Mostrounos o concello  
Foi moi amable  
Con todos os nenos.

Maio, maíño  
Eu quero ser Ronaldo  
Porque ese tal Messi  
Non me parece guapo.

Maio, maíño  
Con ese Cristiano  
O Real Madrid  
Gañará a liga este ano.

Tantos exames,  
Tantos deberes  
Traballamos moito  
A que non o crees?

O Profe Manolo,  
Sali e Carmen  
Póñennos tarefas  
"Pra" toda a tarde

Maio, maíño  
Ímoste deixar  
Marchamos estudar  
Para poder aprobar

**Ata aquí as coplas  
De 2º Ciclo  
Vémonos "pro" ano  
Aí vos queda un bico ... MUÁ, MUA**

